

Substrato de esperanza

Logros estilísticos

HEITOR MERA

Palabras para un baleiro é un poemario para ler amodiño, parándose, relendo e petiscando dun poema a outro moitos dos versos máis logrados deste autor da dor e da desesperanza. Gañador do premio Fiz Vergara Vilarinho, esta obra envolve ao lector desde principio a fin. Se cada, a súa concepción mesma axuda a facelo pois, desde o noso punto de vista, pódese considerar como un longo poema intimista no que os motivos e inquedanzas poéticas se van sucedendo ao longo das moitas páxinas de literatura digna de ser sublinhada.

Eses momentos, na meirande parte dos casos, teñen que ver co agobio dunha vida que vai avanzando e que, engorde, vai sendo cada vez máis consciente dos malos sabores que nos chegan. Destacamos para apoiar esta afirmación un poema como “alzheimer” que é sen dúbida un dos puntos álxidos da emotividade e expresión poética do poemario.

O eu lírico vese incapaz de afrontar a

posibilidade do abismo. En todo momento fai constar un pano de fondo escuro; presenta unha realidade existencial a medio camiño entre o pesimismo do baleiro abisal e a tenrura

desas fendas de esperanza que lle dan ao poemario o ton de realidade e perspectiva sensible que se podería esperar dunha obra, desde o noso humilde punto de vista, salientable por equilibrada.

E é que, sen saber moi ben, tampouco sen importarnos demasiado, se o propio pai da criatura está de acordo; *Palabras para un baleiro* non renuncia á esperanza. O poemario do pesimismo, da indiferenza e da decepción non é quen de vencer ese substrato de esperanza cara a un mundo mellor ou un sentimento e futuro de luces. Nese pano descrito non deixan de escapar motivos para pensar que hai unha

cerna de vitalismo. É como se quixera facernos ver por outro lado, centrar a nosa atención nunha poética determinada polo escuro, pola sima que non deixa de vertebrar inconfundibles síntomas de erupción vital. É o xogo dun ilusionista que, con todo, non renuncia nin á felicidade nin a vida. Dá igual a evocación da indiferenza, da traición mesma. Por moito que incida nelas, sempre hai cabida para a fenda luminosa dun novo día.

Estilisticamente este poemario ten logros notables. Versos nos que non podes evitar parar para degustar con maior atención, para debullalos como merecen. Imaxes que non pasan desapercibidas nestes contrastes emocionais dun eu lírico moi humano, mais en aparencia fuxido no mundo do parnaso.

Definitivamente un poemario atravesado por unha gran metáfora da vida, por unha reflexión do mundo e do ser humano representado pola experiencia que se manifesta, por veces, da irascibilidade e do amor por partes case iguais.

RAMOS, Baldo, *Palabras para un baleiro*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, PVP 14 €

